

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO
AMBIENTE**

9661 *Real decreto 1001/2012, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.*

A Directiva 2000/75/CE do Consello, do 20 de novembro, pola que se establecen disposicións específicas relativas ás medidas de loita e erradicación da febre catarral ovina, incorporada ao ordenamento xurídico interno por medio do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se aproban disposicións específicas relativas ás medidas de loita e erradicación da febre catarral ovina, inclúe normas sobre vacinación fronte a esta enfermidade. Estas normas baséanse na experiencia coas chamadas «vacinas vivas modificadas», ou «vacinas vivas atenuadas», que eran as únicas vacinas dispoñibles cando hai unha década se adoptou a directiva. O emprego destas vacinas pode orixinar a circulación indesexada do virus vacinal en animais non vacinados. Non obstante, nos últimos anos, varias empresas desenvolveron vacinas inactivadas fronte ao virus da febre catarral ovina, que tiveron un amplo uso na Unión Europea, vacinas cuxo uso non presenta risco de circulación indesexada do virus vacinal.

Actualmente hai un amplo consenso en considerar que o emprego destas vacinas é a mellor ferramenta para loitar contra a febre catarral ovina e previr a enfermidade clínica. Non obstante, o seu uso estaba limitado polas normas existentes, que dispoñían o uso de vacinas soamente en zonas en que tiña habido casos da enfermidade e que, por tanto, tiñan estado suxeitas a restricións dos movementos de animais. Co fin de facer máis flexibles as normas de vacinación foi recentemente publicada a Directiva 2012/5/UE, do 14 de marzo de 2012, que modifica a Directiva 2000/75/CE, do Consello, no que atinxe á vacinación contra a febre catarral ovina.

A presente proposta modifica as normas sobre vacinación que actualmente establece o Real decreto 1228/2001, co fin de incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2012/5/UE, tendo en conta que agora se dispón de vacinas inactivadas que se poden utilizar tamén con bos resultados e sen risco ningún fóra das zonas suxeitas a restricións dos movementos de animais. Non obstante, non se debe excluír o uso de vacinas vivas atenuadas, coas debidas medidas preventivas, pois aínda pode ser necesario en determinadas circunstancias, por exemplo, se aparece un novo serotipo do virus da febre catarral ovina para o cal non se dispón de vacinas inactivadas.

Así mesmo, procede actualizar o réxime sancionador.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

O presente real decreto dítase en virtude da habilitación expresa prevista na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.*

O Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, queda modificado como segue:

Un. No artigo 2 engádese a letra j), co seguinte contido:

«j) Vacinas vivas atenuadas: vacinas que se producen adaptando illados de campo do virus da febre catarral ovina mediante pases seriados en cultivos de tecidos ou en ovos embrionados de galiña.»

Dous. O artigo 7 substitúese polo seguinte:

«Artigo 7. *Vacunación.*

1. Poderase autorizar o uso de vacinas contra a lingua azul sempre que esta decisión se basee nunha avaliación de risco específica levada a cabo pola autoridade competente:

A análise de risco será examinada polo Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria regulado nos artigos 27 e 28 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, que poderá elevar ás autoridades competentes as correspondentes recomendacións ou propostas sobre o uso de vacinas.

A Dirección Xeral de Sanidade da Produción Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente informará a Comisión da Unión Europea en caso de que se decida o emprego das vacinas.

2. Sempre que se utilicen vacinas vivas atenuadas, a autoridade competente establecerá:

a) Unha zona de protección que abranca polo menos a zona de vacunación.

b) Unha zona de vixilancia que consista nunha área do territorio cunha amplitude de 50 quilómetros como mínimo a partir dos límites da zona de protección».

Tres. O artigo 10.3 substitúese polo seguinte:

«3. A zona de vixilancia consistirá nunha parte do territorio dunha amplitude de 50 quilómetros como mínimo a partir dos límites da zona de protección e na cal non se practicase ningunha vacunación contra a febre catarral ovina con vacinas vivas atenuadas durante os doce meses anteriores.»

Catro. O artigo 12 substitúese polo seguinte:

«Artigo 12. *Medidas que se deben adoptar na zona de vixilancia.*

A autoridade competente garantirá que na zona de vixilancia:

1. Serán aplicadas as medidas a que se refire o número 1 do artigo anterior.

2. Será prohibida calquera vacunación contra a febre catarral ovina que utilice vacinas vivas atenuadas.»

Cinco. O artigo 15 substitúese polo seguinte:

«Artigo 15. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que procederen.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2012/5/UE, do 14 de marzo de 2012, que modifica a Directiva 2000/75/CE do Consello, no que atinxe á vacinación contra a febre catarral ovina.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
MIGUEL ARIAS CAÑETE